

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 12 de novembro de 2025 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 11 de novembro de 2025, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado da primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC-432, actualización, de clave AC/25/079.01, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trinta e seis millóns cento oito mil cincocentos corenta euros con noventa e seis céntimos (36.108.540,96 €).

Antecedentes:

Con data do 6 de xullo de 2005 publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 129 a Resolución do 30 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Obras Públicas, pola que se fai pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do 14 de xuño de 2005, relativa á actuación incluída no Plan Galicia: vía de alta capacidade Carballo-Fisterra. Treito un: estudo informativo Carballo-Berdoias; treito dous: proxecto de trazado Berdoias-Cee e treito tres: estudo informativo da variante de Cee-Corcubión.

Con data do 27 de xuño de 2025, publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 122 o Anuncio do 23 de xuño de 2025 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado da primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC-432, actualización, de clave AC/25/079.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 11 de novembro de 2025, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado da primeira fase da prolongación da autovía da



Costa da Morte, treito Santa Irena-AC-432. Actualización, de clave AC/25/079.01, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderase formular recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, se poida formular recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2025

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 11 de novembro de 2025, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado da primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC-432. Actualización, de clave AC/25/079.01, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trinta e seis millóns cento oito mil cincocentos corenta euros con noventa e seis céntimos (36.108.540,96 €)

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado da primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC-432. Actualización, de clave AC/25/079.01, sen modificacións respecto ao trazado sometido a información pública.

CVE-DOG: n2a5bsr3-bnc7-int2-ypl4-cofcrvfvom1



2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado da primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC-432. Actualización, de clave AC/25/079.01, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trinta e seis millóns cento oito mil cinco-centos corenta euros con noventa e seis céntimos (36.108.540,96 €).

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Vimianzo, en que se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

